



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE SEIS DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 35)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto (incorpórase ás once horas e catorce minutos, antes de comezar o punto 4 da Orde do Día).

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **seis de novembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de outubro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO E MATERIAL INFORMÁTICO PARA A RACIONALIZACIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 03 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Providencia de inicio do contrato con CSV: IV67E3JZFEMSXHO66AVA4AZ6JY.

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67E3JZFEMSXHO66AVA4AZ6JY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7GUT2ZBFXM374YCQOMEYROIA.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GU7PIHR43LXN2QFI46IBVIQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GU7IJFVZLVBOM7X5AMRPBEY.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7GU7IPFXULLPNM2FPQKQBOIU.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7GUCH3ND5KYTGYYAYAKMPEME.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7GUCIYIERY3244Q4MQ6BZT6I.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 18 de setembro do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7GUPRS3UU7JW5JAJVMEBBGIA.

Publicación, o día 21 de setembro do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 7 de outubro do 2020, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que no servizo de contratación na data de hoxe, e con carácter previo á constitución da mesa, que de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A de documentación administrativa das empresas presentadas, téndose comprobado con carácter previo que ditas

proposicións foran presentadas en prazo. Verificouse a documentación administrativa presentada polas empresas:

EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L
HERBECON SYSTEMS S.L.
MICROMEDIA S.L.
SOFTWARE Y COMUNICACIONES INFORMÁTICA S.L.

Vista a documentación presentada polos licitadores nos sobres “A”, polo Servizo de Contratación e Fomento, non se apreciou a concorrencia de defectos na mesma. Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado éste, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- sendo as 12:03 horas do día 07 de outubro do 2020, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, na data do 01 de outubro do 2020.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Apertura e calificación administrativa. Contratación da subministración de equipamento e material informático.

Apertura criterios avaliados automaticamente. Contratación da subministración de equipamento e material informático.

Valoración criterios avaliados automaticamente. Contratación da subministración de equipamento e material informático.

Mellor valorado. Requirimento de documentación. Contratación da subministración de equipamento e material informático.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas en tempo e forma, procédese a admitilos a todos e á apertura en acto público, a través da retransmisión en streaming do sobre B, cos seguintes resultados:

PREZOS OFERTADOS	EVELT TECNICAS Y SISTEMAS S.L.	HERBECON SYSTEMS S.L.	MICROMEDIA S.L.	SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMATICA S.L.
EQUIPO FORMACIÓN AUDIOVISUAL	1319,52	1087,79	1159	1320
LICENCIA SOFTWARE VMIX PRO	1189,83	1208,79	1125	1210
SOBREMESA - MODELO GAMA ALTA	1090,88	845,79	925	995
SOBREMESA - MODELO GAMA MEDIA	756,92	603,79	599	689
PORTATIL - MODELO GAMA MEDIA	732,72	700,59	699	759
EQUIPO COMPACTO – MODELO ALL IN ONE	766,33	798,6	675	819
TARXETA RED PCI- E 10 / 100	13,34	10,89	9,95	9,23
TARJETA WI FI PCI- E	31,13	15,73	13,95	13,23
TARXETA GRÁF ICA PCI- E 2 G DD R3	44,46	43,56	44	46,9
FONTE DE ALIM ENTACIÓN. BRONCE + 80	57,8	29,04	32	35,5
DISCO DURO INTERNO SAT A (1 T B)	44,46	38,72	42	30,35
DISCO SSD INTERNO (500 GB)	115,6	65,34	59	60,94
DISCO DURO EXTERNO USB 3 .0 (2 T B)	80,03	64,13	69	64,9
MEMORIA RAM 8 GB D DR3 1600 MH Z	26,68	29,89	26	29,9
MEMORIA RAM 8 GB D DR4 2600 MH Z	40,01	32,67	39	31,04
TECLADO ALÁMBRICO	14,23	7,26	8,9	11,9
RATÓN ALÁMBRICO	13,34	7,26	4,9	7,9
PANTALLA 22 ". CON VGA E DVI. ALTAVOCES INTEGRADOS	124,49	90,75	92	99,87
SWITCH NO GESTIONABLE, 5 PUERTOS	17,78	14,52	9	11,39
SWITCH NO GESTIONABLE, 8 PUERTOS	31,13	29,04	11	11,24
SWITCH NO GESTIONABLE, 16 PUERTOS	53,35	52,03	29	57,93
ADAPTADOR CORRIENTE MOL EX- SATA	1,69	1,21	1,2	1,38
ADAPTADOR MINI DISPL AYPORT - VGA	17,78	10,89	9	7,92
CABLE DVI	10,67	6,05	6	4,52
CABLE HDMI	7,11	4,84	2	2,58
CABLE HDMI 3 M ETROS	10,67	4,84	3	3,43
CABLE DE RED, 0 .5 M ETROS	1,33	0,85	0,9	0,48
CABLE DE RED, 1 .5 M ETROS	3,57	2,42	1,2	0,75
CABLE DE RED, 3 M ETROS	5,34	3,63	1,5	1
ALARGADOR CABL E USB	5,34	4,24	1,2	0,72
ALARGADOR CABL E IEC	6,23	4,84	3,9	7
CARGADOR MÓVIL M I CRO USB	11,56	10,89	9	10,21
CARGADOR MÓVIL C	13,34	10,89	11	12,41
CARGADOR MÓVIL I PHONE	15,12	10,89	12	9,66
CARGADOR MÓVIL PARA COCHE	8	6,05	4	8,9
TOMA RJ45 PARA ROSETA, SCHNEIDER	22,23	16,94	21	19,31
BATERÍAS PLOM O PARA SAI, 12 V, 7 AH	16,01	17,55	16	17,7
WEBCAM USB	16,01	17,91	14,9	18
ESCÁNER SOBREM ESA BROTHER ADS- 2400N	302,33	326,7	325	329
TOTAL	7038,36	6237,81	6114,5	6769,19

LICITADORES	DESCONTO SOBRE O PVP MATERIAL NON INCLUIDO	AMPLIACION PLAZO GARANTÍA	PRAZO ENTREGA
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L	17,50	49,00	11
HERBECON SYSTEMS S.L.	5,00	36,00	8
MICROMEDIA S.L.	5,00	60,00	4
SOFTWARE Y COMUNICACIONES INFORMATICA S.L.	6,00	42,00	24

A mesa de contratación acorda encomendar ao Servizo de Contratación e Fomento a comprobación de si algunha das propostas pode estar incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, e que por parte deste servizo se proceda á aplicación das fórmulas matemáticas contidas no cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, co obxecto de calcular a valoración das propostas presentadas.”

Acta da Mesa de Contratación, reunida o día 16 de outubro do 2020, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, dáse conta aos asitentes de que ningún dos licitadores concorrentes presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados, atendendo aos umbrais recollidos na cláusula décimo terceira do PCAP, en relación co establecido no artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP

Acto seguido procédese á aplicación das fórmulas matemáticas contidas no cadro resumo do PCAP, cos seguintes resultados:

Criterio prezo

EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL	NOTA ELVET	NOTA HERBECON	NOTA MICROMEDIA	NOTA SOFTWARE
EQUIPO FORMACIÓN AUDIOVISUAL	5,46	15	12,07	5,44
LICENCIA SOFTWARE VMIX PRO	1,19	0,07	5	0
SOBREMESA - MODELO GAMA ALTA	1,22	5	3,78	2,7
SOBREMESA - MODELO GAMA MEDIA	5,17	14,7	15	9,4
PORTATIL - MODELO GAMA MEDIA	4,67	9,75	10	0,52
EQUIPO COMPACTO – MODELO ALL IN ONE	1,85	0,74	5	0,03
TARXETA RED PCI- E 10 / 100	0,29	0,71	0,88	1
TARJETA WI FI PCI- E	0,18	0,89	0,97	1
TARXETA GRÁF ICA PCI- E 2 G DD R3	0,86	1	0,93	0,48
FONTE DE ALIM ENTACIÓN. BRONCE + 80	0,2	1	0,92	0,82
DISCO DURO INTERNO SAT A (1 T B)	0,28	0,57	0,41	1
DISCO SSD INTERNO (500 GB)	0,41	1,82	2	1,95
DISCO DURO EXTERNO USB 3 .0 (2 T B)	0,39	1	0,81	0,97
MEMORIA RAM 8 GB D DR3 1600 MH Z	0,83	0,03	1	0,03
MEMORIA RAM 8 GB D DR4 2600 MH Z	0,36	0,88	0,43	1
TECLADO ALÁMBRICO	0,2	1	0,81	0,47
RATÓN ALÁMBRICO	0,16	0,77	1	0,7
PANTALLA 22 ". CON VGA E DVI. ALTAVOCES INTEGRADOS	0,63	2	1,95	1,63

EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL	NOTA ELVET	NOTA HERBECON	NOTA MICROMEDIA	NOTA SOFTWARE
SWITCH NO GESTIONABLE, 5 PUERTOS	0,2	0,5	1	0,78
SWITCH NO GESTIONABLE, 8 PUERTOS	0,16	0,25	1	0,99
SWITCH NO GESTIONABLE, 16 PUERTOS	0,21	0,26	1	0,07
ADAPTADOR CORRIENTE MOL EX- SATA	0,3	0,99	1	0,74
ADAPTADOR MINI DISPL AYPORT - VGA	0,18	0,75	0,91	1
CABLE DVI	0,18	0,8	0,8	1
CABLE HDMI	0,15	0,53	1	0,9
CABLE HDMI 3 M ETROS	0,15	0,8	1	0,95
CABLE DE RED, 0.5 M ETROS	0,17	0,64	0,59	1
CABLE DE RED, 1.5 M ETROS	0,13	0,49	0,86	1
CABLE DE RED, 3 M ETROS	0,13	0,47	0,9	1
ALARGADOR CABL E USB	0,13	0,33	0,91	1
ALARGADOR CABL E IEC	0,25	0,7	1	0
CARGADOR MÓVIL M I CRO USB	0,36	0,53	1	0,7
CARGADOR MÓVIL C	0,4	1	0,97	0,63
CARGADOR MÓVIL I PHONE	0,26	0,83	0,68	1
CARGADOR MÓVIL PARA COCHE	0,2	0,59	1	0,02
TOMA RJ45 PARA ROSETA, SCHNEIDER	0,34	1	0,5	0,71
BATERÍAS PLOMO PARA SAI, 12 V, 7 AH	0,99	0,23	1	0,15
WEBCAM USB	0,64	0,03	1	0
ESCÁNER SOBREMESA BROTHER ADS- 2400 N	1	0,35	0,4	0,29

PUNTUACIÓN TOTAL					
LICITADORES	NOTA OFERTA ECONOMICA	NOTA DESCONTO SOBRE O PVP	NOTA GARANTÍA	NOTA PRAZO ENTREGA	NOTA TOTAL
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	30,88	4,00	3,27	1,5	39,65
HERBECON SYSTEMS S.L.	69,00	1,14	2,40	1,71	74,25
MICROMEDIA S.L.	81,48	1,14	4,00	2	88,62
SOFTWARE Y COMUNICACIONES INFORMÁTICA S.L.	43,07	1,37	2,80	0,57	47,81

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada considera que a mesma se axusta aos requisitos esixidos no PCAP, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1	MICROMEDIA S.L.	88,62
2	HERBECON SYSTEMS S.L.	74,25
3	SOFTWARE Y COMUNICACIONES INFORMÁTICA S.L.	47,81
4	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	39,65

Requirir á empresa Micromedia S.L., co obxecto de que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten de conformidade co artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e coa cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, a seguinte documentación (...)”

A Proposta da mesa de contratación é aprobada mediante Resolución da Presidencia o día 23 de outubro de 2020 (CSV: IV7GSDBY3BXSZBE7TUWRFYCDG4).

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 23 de outubro de 2020.

Acreditase no expediente presentación de documentación administrativa por parte da empresa Micromedia S.L. o día 26 de outubro de 2020, dentro do prazo concedido a tales efectos.

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

O licitador presenta fotocopia do CIF da empresa e fotocopia do DNI do representante, D. Fernando Pablos Benavides

Achega escritura outorgada o día 24 de xaneiro de 2000 ante o Notario do Ilustre Colexio de A Coruña, D. Enrique Gutiérrez Aller, número 150 de protocolo, na que figura que a sociedade ten por obxecto social – entre outras cousas- a compravenda de ordenadores e compoñentes, montaxe e ensamblaxe de ordenadores; suficiente para executar o obxecto do contrato.

Non é preciso bastanteo de poder, posto que o asinante da proposición ten a condición de administrador único da empresa e dito extremo é comprobable coa escritura aportada.

Consta recibo de pagamento do IAE, epígrafe 6592-1. Achega certificado da axencia estatal datado o día 23 de outubro de 2020, de situación no censo de actividades económicas no que se recolle que a empresa está dada de alta no referido epígrafe.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 13 de outubro de 2020.

4.-Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 23 de outubro de 2020.

Consta declaración responsable do día 26 de outubro de 2020 de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva, do 26 de outubro de 2020, incorpórase ao expediente bastanteo da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica e financeira, achega contas anuais, depositadas no rexistro mercantil de Santiago de Compostela, na que se recolle unha cifra de negocio para a anualidade 2018 e 2019 superior ao umbral mínimo esixido nos PCAP 117.598,60 euros.

No tocante á solvencia técnica achega relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato por importe superior ao umbral mínimo esixido no PCAP (54.879,35 euros).

Non achega documento que conteña interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo non obstante a mesa de contratación considera suficiente o Anexo I, no que se recolle como persoa de contacto ao administrador único da empresa”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Micromedia S.L., a contratación da subministración de equipamento e material informático para a racionalización dos postos de traballo da Deputación de Lugo, por importe de 78.399,07 euros aos que se engadirán 16.463,80 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 94.862,87 euros, cos seguintes prezos unitarios (IVE incluído):

EQUIPO FORMACIÓN AUDIOVISUAL	1159
LICENCIA SOFTWARE VMIX PRO	1125
SOBREMESA - MODELO GAMA ALTA	925
SOBREMESA - MODELO GAMA MEDIA	599
PORTATIL - MODELO GAMA MEDIA	699
EQUIPO COMPACTO - MODELO ALL IN ONE	675
TARXETA RED PCI- E 10 / 100	9,95
TARJETA WI FI PCI- E	13,95
TARXETA GRÁFICA PCI- E 2 G DD R3	44
FONTE DE ALIMENTACIÓN. BRONCE + 80	32
DISCO DURO INTERNO SAT A (1 T B)	42
DISCO SSD INTERNO (500 GB)	59
DISCO DURO EXTERNO USB 3.0 (2 T B)	69
MEMORIA RAM 8 GB D DR3 1600 MH Z	26
MEMORIA RAM 8 GB D DR4 2600 MH Z	39
TECLADO ALÁMBRICO	8,9
RATÓN ALÁMBRICO	4,9
PANTALLA 22". CON VGA E DVI. ALTAVOCES INTEGRADOS	92
SWITCH NO GESTIONABLE, 5 PUERTOS	9
SWITCH NO GESTIONABLE, 8 PUERTOS	11
SWITCH NO GESTIONABLE, 16 PUERTOS	29
ADAPTADOR CORRIENTE MOL EX- SATA	1,2
ADAPTADOR MINI DISPL AYPORT - VGA	9
CABLE DVI	6
CABLE HDMI	2
CABLE HDMI 3 M ETROS	3
CABLE DE RED, 0.5 M ETROS	0,9
CABLE DE RED, 1.5 M ETROS	1,2
CABLE DE RED, 3 M ETROS	1,5
ALARGADOR CABLE USB	1,2
ALARGADOR CABLE IEC	3,9
CARGADOR MÓVIL MICRO USB	9
CARGADOR MÓVIL C	11
CARGADOR MÓVIL I PHONE	12
CARGADOR MÓVIL PARA COCHE	4
TOMA RJ45 PARA ROSETA, SCHNEIDER	21
BATERÍAS PLOMO PARA SAI, 12 V, 7 AH	16
WEBCAM USB	14,9
ESCÁNER SOBREMESA BROTHER ADS- 2400 N	325

O importe de adxudicación distribúese atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2020: 49.489,00 euros.

Anualidade 2021:45.373,87 euros.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos presupostos da anualidade 2021 a cantidade de descrita.

A empresa adxudicataria oferta un desconto sobre o PVP, respecto do equipamento e material non incluído no PPT, dun 5%, un prazo de garantía de 60 meses e comprométese a entregar os equipos ou compoñentes en catro horas, a contar dende que se curse o pertinente pedido.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL ELÉCTRICO PARA A SECCIÓN DE MANTEMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 03 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV66EXQZZ4G5ZHZ26MVQOEBTMY.

Documentación adicional con CSV: IV66EXXKJJH4L5PJYMEECN7PAI.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV676X2SPJ42LTEMUJ7MDYQ774¹.

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV676X2TOERD564CQI7Q63THO4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV676GB2ZRZDZZO5QPQFJZICC4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV677W3JNRZO3TUIUD7TGFIOAI.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV676EK5DZXT7S75ZRXUGBHTEU.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV677WZDNBW5WS4DUUEE4ZIUHY.

Proposta de Presidencia, con CSV IV677W3CNA6P52FKYRQAMZBWKI.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Acordo da Xunta de Goberno, de data 31 de xullo do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV67YKLYHP5M3DJ4XQOTEZRG14.

Publicación, o día 06 de agosto do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 27 de agosto do 2020, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que no servizo de contratación na data de hoxe, e con carácter previo á constitución da mesa, que de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A de documentación administrativa das empresas presentadas, téndose comprobado con carácter previo que ditas proposicións foran presentadas en prazo. Verificouse a documentación administrativa presentada polas empresas:

LICITADORES
INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR S.L.
ORVILUX ELECTRICIDAD S.L.

Vista a documentación presentada polos licitadores nos sobres “A”, polo Adxunto Xefe de Servizo de Comunicación e TICs, o Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento e o Xefe do mesmo servizo, non se apreciou a concorrencia de defectos na mesma. Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado éste, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- sendo as 10 horas e 09 minutos do día 27 de agosto do 2020, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira,

co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, na data do 24 de agosto do 2020.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Apertura e cualificación administrativa correspondente ás propostas presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente EXP014SU20ABO para adxudicar o contrato de suministro de diverso material eléctrico para a sección de mantemento da Deputación Provincial de Lugo.

Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás propostas presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente EXP014SU20ABO para adxudicar o contrato de suministro de diverso material eléctrico para a sección de mantemento da Deputación Provincial de Lugo.

Requirimento de documentación do artigo 150, se procede.

No procedemento con número de expediente EXP014SU20ABO para adxudicar o contrato de suministro de diverso material eléctrico para a sección de mantemento da Deputación Provincial de Lugo, todos os criterios que figuran no prego e no anuncio de licitación son avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa proposta, procédese ao exame e calificación do sobre electrónico A, documentación administrativa, resultando que as empresas concorrentes presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente cumprimentadas e asinadas, a Mesa de Contratación acorda admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese á apertura dos sobres “B”, presentados polos licitadores, cos seguintes resultados:

LICITADOR	DESCONTO SOBRE O PREZO OFERTADO
INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR S.L.	8,15%
ORVILUX ELECTRICIDAD S.L.	40%

LICITADOR	DESCONTO SOBRE O TEMPO DE RESPOTA
INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR S.L.	60%
ORVILUX ELECTRICIDAD S.L.	60%

A cláusula 13 do PCAP dispón: “En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal a/s, en relación co artigo 85 do 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

(...) 2.Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

Detectouse que a oferta económica da licitadora Orvilux Electricidad S.L. se atopa en dito suposto, polo que a Mesa de contratación, procederá de conformidade co establecido nos pregos de cláusulas administrativas a concederlle trámite de audiencia a fin de que xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, no prazo de dez días hábiles.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico”

Acta da Mesa de Contratación, reunida o día 18 de setembro, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, procedeuse ao estudo do Informe Técnico elaborado polo autor do prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7GUQIOFFWMZSRDC5N56RZSIU.

A mesa de contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu, e, consecuentemente, aceptar a xustificación presentada pola empresa Orvilux Electricidad S.L.

Acto seguido procédese á aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, co seguinte resultado:

LICITADOR	DESCONTO SOBRE O PREZO	NOTA	REDUCCIÓN PRAZO ENTREGA	NOTA	TOTAL NOTA
INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR S.L.	8,15%	10,19	60%	50	60,19
ORVILUX ELECTRICIDAD S.L.	40,00%	50,00	60%	50	100,00

Á vista dos resultados numéricos da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	ORVILUX ELECTRICIDAD S.L.	100
2	INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR S.L.	60,19

Requirir á empresa Orvilux Electricidad S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente – de conformidade co recollido na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas e co disposto no artigo 150.2 da LCSP a seguinte documentación (...)”

A Proposta da mesa de contratación é aprobada mediante Resolución da Presidencia o día 25 de setembro de 2020, con CSV: IV7GWSY23AGI6RMKSM5MKYQVIM.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 29 de setembro de 2020, e xustificante de presentación de documentación por parte da empresa Orvilux Electricidad S.L., do día 13 de outubro de 2020.

Acta da Mesa de contratación, reunida o día 20 de outubro de 2020, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta aos membros da Mesa de contratación de que no servizo de contratación, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do requirimento de documentación administrativa cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 29 de setembro de 2020. A empresa atendeu ao requirimento remitido documentación a través da plataforma de contratos do sector público o día 13 de outubro de 2020, completando a documentación o día 20 de outubro de 2020, a través de correo electrónico.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

O licitador presenta fotocopia do CIF da empresa e fotocopia do DNI do representante, D. José Manuel Tapia García.

Achega escritura de constitución outorgada o día 23 de agosto de 1995, ante o Notario do Ilustre Colexio de A Coruña, D. José Antonio Rodríguez González, número 2152 de protocolo, na que figura como obxecto social a comercialización, venda e distribución de material eléctrico e electrodomésticos; que engloba o obxecto do contrato.

Non é preciso bastanteo de poder, posto que o asinante da proposición ten a condición de administrador solidario da empresa e dito extremo é comprobable coa escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Fernando Olmedo Castañeda, o día 22 de xullo de 2016, número 1779 de protocolo.

Consta pagamento do último recibo do IAE, epígrafes 6179 e 6153. Non se aporta declaración xurada de non ter causado baixa no IAE, nos epígrafes correspondentes ao obxecto do contrato.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 22 de setembro de 2020.

No relativo as débedas coa administración contratante, incorpora certificación expedida polo Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo, de data 02 de outubro de 2020.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 22 de setembro de 2020.

Non consta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva, constituída en metálico.

Solvencia

No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica e financeira achega contas anuais nas que se recolle unha cifra de negocio superior aos 30.000 euros, umbral mínimo esixido no PCAP; acredita o depósito das contas anuais unha vez expirado o prazo concedido para a presentación de documentación, non obstante, posto que se trata dun erro subsanable e aínda non se efectuou o trámite para a debida subsanación, a mesa de contratación acorda a súa admisión.

Polo que se refire á solvencia técnica achega certificados de boa execución por importe superior aos 14.000 euros, umbral mínimo esixido no PCAP.

Non achega documento que conteña interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo.

Vista a documentación presentada a mesa de contratación acorda requirir á empresa Orvilux Electricidad S.L., para que subsane no prazo de tres días hábiles, os erros detectados, que son:

Debe achegar declaración responsable de non ter causado baixa no IAE, nos epígrafes 6179 e 6153, de que a empresa non se atopa en concurso de acreedores e na que se designe a un interlocutor responsable por parte da empresa adxudicataria coa Deputación provincial de Lugo.”

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, deuse conta aos asistentes de que consta no expediente requirimento de subsanación de documentación administrativa, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 22 de outubro de 2020. A empresa Orvilux Electricidad S.L., atendeu ao requirimento o día 24 de outubro de 2020, segundo se acredita no expediente.

Vista a documentación presentada no trámite de subsanación, a mesa de contratación considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta. (...)”.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Orvilux Electricidad S.L., a contratación da subministración de diverso material eléctrico para a sección de mantemento da Deputación Provincial de Lugo. EXP014SU20ABO, por importe de 20.000 euros aos que se engadirán 4.200 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 24.200 euros, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2020: 10.083,33 euros.

Anualidade 2021:14.116,67 euros.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos presupostos da anualidade 2021 a cantidade de descrita.

A empresa adxudicataria oferta unha porcentaxe de baixada sobre os presos unitarios recollidos no PPT dun 40% e unha redución dos prazos máximos de entrega dun 60%

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO DA OBRA "DESDOBRAMENTO E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA INFANTA ELENA, DUQUESA DE LUGO. TRAMO GLORIETA RONDA NORTE-GLORIETA 25 NOVIEMBRE PRESENTADO POLA MERCANTIL OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Incoación de procedemento de resolución por causa imputable ó contratista

Antecedentes

Consta como antecedentes ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes feitos e documentos:

PRIMEIRO.- Pola Xunta de Goberno, en data 15/05/2019 acordouse adxudicarlle a execución da obra LUGO.-Desdobramento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. tramo glorieta ronda norte-glorieta 25 de Novembro. (EX001OB-19-AB), conforme ao

proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01 de febreiro de 2019, á mercantil Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL, con CIF B-36719490 representada por D^a Belén Rodríguez Ogando, con DNI 44483717-S no prezo de 1.030.776,81 € dos cales 178.895,15 € son de IVE; un aumento do prazo de garantía de 24 meses, por enriba dos 12 obrigatorios, e dicir garantía de 36 meses, e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 24.349,91 € e 5.113,48€ de IVE, e un prazo de execución de 12 meses.

SEGUNDO.- En data 21/05/2019 asinouse documento administrativo de contratación para a execución da indicada obra.

TERCEIRO.- En data 26/08/2020 recíbese no rexistro desta Deputación escrito con RE nº 2020RT005481 de D. Marcos Rodríguez Ogando, en representación da mercantil Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL, incorporado ao expediente, realizando alegacións e solicitando o inicio do expediente de resolución do Contrato de obras de referencia por causas alleas á responsabilidade do contratista.

CUARTO.- Foi solicitado informe a asesoría xurídica respecto de dita solicitude que conclúe nos seguintes termos: “o incumprimento pola adxudicataria Opain SL da obriga contractual esencial de elaboración e presentación do Plan de Seguridade e Saúde, co obxecto de ser informado e aprobado pola Administración antes da Comprobación do reformulo ou implantación e do inicio da obra, constitúe causa de resolución do contrato de conformidade co estipulado na cláusula 22.2 do PCAP e en aplicación do establecido no artigo 211.1.f) da LCSP”.

Normativa aplicable:

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das AA.PP., aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Pregos de Cláusulas Administrativas do expediente de contratación.

Regulamento Orgánico Provincial.

Consideracións xurídicas

Sobre os antecedentes a natureza xurídica da incidencia contractual que supón o actual estado de inexecución da obra .

Como inicio das consideracións do presente compre recordar, que a execución do contrato non se ten iniciado, e que polo tanto se está a frustrar a finalidade e necesidade do mesmo cuxa satisfacción motivou o inicio do expediente.

Compre indicar igualmente, e con carácter xeral, que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvedade ou reserva algunha...”.

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como “*lex contractus*”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.

De acordo co informado pola asesoría xurídica e como incumprimento de profunda relevancia no canto impide de xeito fundamental o inicio da execución material dos traballos o contratista, non ten procedido á) Elaboración e presentación no Rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e saúde elaborado en base ao estudo de seguridade e saúde incluído no proxecto técnico, antes da comprobación do reformulo.... (cláusula 22. 2) 3).”

A falta de entrega do plan de seguridade e saúde, implica a imposibilidade de inicio da execución material, e polo tanto, implica que o reformulo, mais aló de cumprir coa súa función de verificar, a dispoñibilidade efectiva os terreos e viabilidade do proxecto, non poida xurdir os efectos que lle son propios respecto do inicio, e polo tanto que a responsabilidade sobre a falta do inicio lle corresponda en exclusiva ó contratista a pesares de ser requirido de xeito expreso para que proceda o cumprimento das súas obrigas.

Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias .

Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais, sinala o prego,

“O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211, letra f da LCSP, constitúe causa de resolución contractual”.

Dito artigo sinala :

Art. 211 f “Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos.....”

De acordo coa doutrina da aplicación , e como ten informado a asesoría xurídica respecto das causas de resolución deberá de aplicarse o réxime de prelación correspondente á primeira de estas que se manifestou. Non correspondendo á instancia das partes determinar dita concorrencia por mera solicitude ou incoación senón de xeito obxectivo por terse manifestado con prioridade no tempo.

No caso que nos ocupa o propio expediente pon de manifesto o previo incumprimento das obrigas esenciais do contratista, que tiña a obriga de presentar en prazo o plan de seguridade e saúde, e polo tanto, a improcedencia de estimar e instruír a súa solicitude por manifestarse con carácter posterior ó seu incumprimento e consecuentemente a procedencia de incoación do

expediente de resolución culpable imputable ó contratista detectado incumprimento previo e cualificado con dita intensidade no prego reitor do contrato.

Apreciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumplido as súas obrigas esenciais e polo tanto que as mesmas constitúen en si, e con carácter inicial causas de resolución do contrato, todo isto sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados con pleno respecto ó principio de contradición, por canto poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se frustre o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería coa resolución os seguintes efectos a aplicar:

1. Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25, art. 110 d, 213.3 da LCSP).

2. Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada , entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente a execución da dita obra. (prego cláusula 25 , art.) 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001.

3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP) .

Sobre o procedemento a seguir

A teor do disposto no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 cabe o inicio de oficio de dito expediente baixo os seguintes requisitos:

a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais.

b) Audiencia no mesmo prazo, do avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía.

c) Informe do Servizo xurídico, trámite que se esta a cumprimentar co presente requirindo o preceptivo sometemento ó conforme da secretaría municipal, ou emisión por esta do informe que estime procedente, e sen prexuízo da fiscalización pola intervención, cando proceda.

d) Ditame do Consello Consultivo, cando se formule oposición por parte do contratista.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

Sobre o órgano competente

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente, propoño ao órgano de contratación que adopte acordo nos seguintes termos:

1º.- Inadmitir a petición de resolución formulada por Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL, con CIF B-36719490 de data 26/08/2020 e RE nº 2020RT005481, por non

proceder a súa tramitación, téndose verificado posible concorrencia dunha causa de resolución previa esencial e imputable contratista.

2º.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras Desdobramento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. tramo glorieta ronda norte-glorieta 25 de Novembro adxudicado á entidade Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL, polas causa expresadas no corpo do presente por concorrer posible incumprimento dunha obriga esencial do prego ó abeiro da documentación obrante no expediente.

3º.- Dar trámite de audiencia a Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL, con CIF B-36719490, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días hábiles na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

4º.- Resolto o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

5º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma, no que respecta ó número “PRIMEIRO” que pon fin á vía administrativa pode interpoñer potestativamente no prazo dun mes dende a notificación do presente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou se non optase pola interposición de aquel, interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de 2 meses perante os xulgados do contencioso administrativo de Lugo, informándolle así mesmo que fronte ó resto do acordo que é de trámite non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

6º.-Dar traslado ao Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans- e a Intervención Provincial.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DENTRO DO PLAN ÚNICO 2019.

Escrito do Concello de Xermade, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de remanentes do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito do Concello de Xermade, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Xermade

O Concello de Xermade presentou Anexo III da obra incluída no Plan Único, con cargo a remanentes, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
XERMADE	REM	REPARACIÓN DE ESTRADAS EN PENACHAÍÑA, RIBEIRA E ESTRADA DE CONEXIÓN ENTRE LU-170 E LU-P-2204	1531.76201	10.324,61€

Así mesmo, por escrito de 19/08/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas;

constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
XERMADE	REM	REPARACIÓN DE estrada de conexión entre lu-170 e LU-P-2204	1531.76201	1.633,86€	10.324,61€	11.958,47€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Neste caso a solicitude do Concello tivo entrada dentro dos prazos de execución e xustificación do Plan Único 2018, se ben por problemas coa sede electrónica e rexistro, non se remitiu ao Servizo de Contratación ata o 02/11/2020, polo que non se puido aprobar con anterioridade reunindo todos os requisitos necesarios para elo.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Xermade, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Xermade e aceptar incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos, o que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos límite aprobados polo Pleno en Sesión ordinaria celebrada o 29/09/2020, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
XERMADE	REM	REPARACIÓN DE estrada de conexión entre LU-170 e LU-P-2204	1531.76201	1.633,86€	10.324,61€	11.958,47€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia da terceira idade e centro de día) no municipio de Ourol.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 05 de novembro de 2020, no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia da terceira idade e centro de día) no municipio de Ourol.

Vistos os escritos remitidos, o 22 de outubro de 2020 e o 29 de outubro de 2020, polo Alcalde do Concello de Ourol nos que se solicita a reanualización das achegas financeiras contempladas no convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores

(residencia de terceira idade e centro de día) no municipio de Ourol, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe

Antecedentes de feito,

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 24 de maio de 2019, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“1.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro de atención a persoas maiores nese municipio, cun orzamento total de 1.625.250,00€: A achega da Deputación ascende a contía 1.425.250,00€ e a do Concello de Ourol a 200.000,00€.

2.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 1.425.250,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2315.650.09, coa seguinte distribución por anualidades:

Exercicio económico 2019: 30.000 €

Exercicio económico 2020: 475.250 €

Exercicio económico 2021: 470.000 €

Exercicio económico 2022: 450.000 €

A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 475.250€, na anualidade 2021 a cantidade de 470.000€ e na anualidade 2022 a cantidade de 450.000€.”

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas

maiores (residencia de terceira idade e centro de día), no municipio de Ourol, formalizouse o 5 de xuño de 2019.

Terceiro.- Deste xeito, segundo se desprende da documentación que obra no expediente, preténdese a modificación das seguintes cláusulas:

A cláusula terceira, sobre as obrigas e compromisos das partes.

A cláusula cuarta, sobre o réxime económico.

A cláusula sexta, sobre duración do convenio interadministrativo.

As cales quedarían redactadas do seguinte xeito, tomando como referencia os escritos do alcalde do Concello de Ourol e o informe da Xefa da Sección de Benestar Social:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar o financiamento previsto na cláusula “cuarta”.

Redactar e aportar o proxecto técnico para a construción do centro residencial.

Obter os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción do equipamento, agás os que sexan de competencia e intervención municipal e necesarios para obter as licencias urbanísticas, así como os títulos municipais habilitantes para o apertura e exercicio da actividade do centro residencial.

Actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción e liquidación do contrato para construír o centro residencial, obxecto deste

convenio, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e restante normativa de aplicación.

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Licitar, rematar e recibir as obras do centro de atención a persoas maiores, na data límite do 5 de xuño de 2023, que se executarán na parcela con referencia catastral 9643012PJ0294S0001UX.

Recibir as obras contratadas, conforme aos trámites previstos nos artigos 243 e concordantes da Lei 9/2018, do 8 de novembro (LCSP).

Convidar á representación institucional do Concello de Ourense aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

Comunicar o acordo polo que se aproba este convenio ao Concello de Ourense.

O Concello de Ourense

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Ourense, comprométese ao seguinte:

Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos nos apartados precedentes e, en xeral, en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

Aportar os terreos necesarios para a construción da residencia libres de cargas e gravames e urbanísticamente idóneos a fin de poder realizar as obras de construción por parte de Deputación e recibilas como órgano de contratación.

Efectuar as achegas económicas prevista na cláusula cuarta.

Tramitar e conceder as autorizacións, licenzas e permisos que competencia municipal necesarias para a execución das actuacións indicadas, con celeridade.

Aplicar as bonificacións que sexan legalmente posibles aos tributos municipais que recaen na construción do centro residencial e de ser o caso ás autorizacións requiridas tanto para construción, como para a posta en funcionamento.

Comparecer ao trámite de acta recepción das obras contratadas pola Deputación.

Encargarse da organización dos eventos que poidan derivarse da posta en funcionamento do centro de atención a persoas maiores de Ourol.

Convidar á representación institucional de Deputación aos actos oficiais relativos a execución das obras e posta en funcionamento do centro de atención a persoas maiores de Ourol.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fins.

Colaborar coa Deputación para cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Aprobar, polo órgano que resulte competente, este convenio no prazo de un mes desde a aprobación pola Deputación e comunicar dito acordo ao ente provincial.”

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

Achega financeira da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 1.425.250,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo coas actuacións que figuran na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentarias 2315.650.09, do orzamento xeral da Deputación de Lugo, na modalidade de gasto plurianual, supeditándose a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nos exercicios 2021, 2022 e 2023, e coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2019: 30.000,00 €

Ano 2020: 475.250,00 €

Ano 2021: 368.000,00€

Ano 2022: 368.000,00€

Ano 2023: 184.000,00 €

Achega do Concello:

O Concello de Ourol aportará 200.000,00 €, para a construción do centro de atención a persoas maiores do municipio de Ourol, conforme ao seguinte desglose:

Ano 2021: 50.000,00 €

Ano 2022: 75.000,00 €

Ano 2023: 75.000,00 €

O importe a financiar polo concello de Ourol, será ingresado na conta da Deputación ES04-2080-0163-8531-1000-**** de conformidade cos seguintes ítems:

A aportación farase efectiva contra certificación de obra.

O concello de Ourol deberá remitir a Deputación Provincial os acordos adoptados de financiamento, mediante certificado de retención de crédito cando proceda e; en todo caso, os compromisos de entrega de fondos en cumprimento deste convenio.

No caso de impago da cantidade a financiar polo concello de Ourense, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

Porén o anterior, a Deputación poderá seguir vía ordinaria para reclamar o pagamento da cantidade co concello chegase a deber a esta Deputación, autorizando á Deputación para que realice a compensación da cantidade vencida e non pagada mediante retención das entregas a conta que teña que ingresar a Deputación ao Concello. Ditas retencións practicaranse logo da tramitación do correspondente expediente contradictorio.

Poñer a disposición da Deputación provincial, as parcelas con referencia catastral 9643012PJ0294S0*****, libre de cargas e gravames con licenzas urbanísticas e permisos sectoriais necesarios para a construción do equipamento residencial. O Concello comprométese a adoptar os acordos e desenvolver os trámites xurídico-administrativos necesarios para a posta a disposición da Deputación de dito inmovible, consonte coa lexislación e instrumentos de xestión patrimonial, configurada como unha técnica de cooperación, a fin de que a Deputación constrúa o equipamento residencial.

Baixas na licitación:

En caso de producirse baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, por este orde aos seguintes gastos e necesidades:

Aos custes das direccións facultativas que se precisen para a execución das obras, de ser xustificadamente externalizadas. No caso de non producirse baixas as direccións facultativas nas respectivas licitacións deberán ser asumidas polo persoal do ente provincial.

Ao pagamento de tributos que se liquiden polas licencias ou títulos habilitantes que outorgue o Concello para a construción e ocupación do centro de atención a persoas maiores.

A equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, dito centro.

Titularidade dos resultados da cooperación:

Os resultados da cooperación serán compartidos, nos seguintes termos:

Rematada a construción do centro de atención a persoas maiores de Ourol, efectuarase a recepción das obras polo órgano de contratación conforme a lexislación contractual. A este trámite será convidada a representación do Concello de Ourol.

Unha vez finalizadas as obras e antes do inicio de actividade efectuaranse as operacións patrimoniais que procedan, de conformidade coa lexislación patrimonial, a efectos de inventario da Deputación ou do Concello, segundo se acorde en instrumento específico, habilitando a prestación do servizo que lle compre a edificación.

A Deputación, como órgano de contratación, facilitará a documentación e antecedentes de que dispoña, a efectos de incorporar ao inventario que se determine, e para efectuar as operacións rexistrais procedentes.”

Cláusula sexta.- Duración do convenio interadministrativo

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 01 de xaneiro de 2019 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prórroga expresa antes da finalización do prazo, o 5 de xuño de 2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerían invariables, acordando ambas partes, incorporar ao Convenio de Cooperación suscrito con data 5 de xuño de 2019, esta addenda, a cal se rexirá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Consideracións xurídico-administrativas:

Na cláusula sexta_(Duración do convenio interadministrativo) do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia de terceira idade e centro de día) no municipio de Ourol establécese que:

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 01 de xaneiro de 2019 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prórroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de marzo de 2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula sétima -modificación- do citado convenio recóllese que:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia de terceira idade e centro de día) no municipio de Ourol é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones

Por todo o exposto, revisada a documentación que obra no expediente de aprobación do convenio, informase favorablemente a modificación solicitada polo Concello nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do

convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación das cláusulas terceira, cuarta e sexta do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Oulol para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia de terceira idade e centro de día) no municipio de Oulol, formalizado o 5 de xuño de 2019, nos termos da addenda do convenio que se incorpora ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á aprobación, se procede, da autorización, dada a situación actual creada pola crise da Covid-19 que impide a celebración das actividades: Feira do viño e Feira medieval, previstas neste exercicio, para destinar os fondos das dúas subvencións nominativas do Concello de Monforte, na anualidade 2020, a gastos derivados da reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 04 de novembro de 2020, no que literalmente se establece:

“Asunto: informe relativo a aprobación da autorización, dada a situación actual creada pola crise da Covid-19 que impide a celebración das actividades: “Recreación das festas do medievo” e “Promoción do viño da Ribeira Sacra” neste exercicio, para destinar os fondos das dúas

subvencións nominativas do Concello de Monforte, na anualidade 2020, a gastos derivados da reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios, que se canalizará a través dun convenio interadministrativo de cooperación.

En relación ao asunto de referencia emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito

No Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, así como no Anexo I (actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020) do PES (2020- 2022) aprobado pola Presidencia o 2 de abril de 2020 (publicados no BOP de Lugo número 086 o 16 de abril de 2020) recóllese, dentro da Área de Goberno Interior, Promoción do Territorio e Turismo, concretamente na Liña 3.1- Turismo, dúas subvencións nominativas a favor do Concello de Monforte:

"Recreación das Festas do Medievo", por un importe de 45.000,00 €.

"Promoción do Viño da Ribeira Sacra", por un importe de 55.000,00 €.

O Secretario do Concello de Monforte certificou, o 14 de setembro de 2020, que a Xunta de Goberno celebrada no mesmo día, adoptou, en relación ás subvencións nominativas previstas nos orzamentos da Deputación de Lugo do ano 2020, para as actuacións denominadas “Promoción do Viño da Ribeira Sacra” e “Recreación da Festa do Medievo” o seguinte acordo:

“Toda vez que a situación actual creada pola crise da Covid-19 dificulta, ou case impide, celebrar todas as actividades previstas neste exercicio, é polo que se pretende solicitar á Deputación autorización para a utilización dos fondos solicitados para a financiación das anteditas actividades en investimentos, concretamente para levar a cabo o proxecto antedito de reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios, con financiación parcial do resto con fondos propios.

Por todo o anteriormente a Xunta de Goberno Local, adopta por unanimidade o seguinte acordo:

Solicitar á Deputación Provincial de Lugo a modificación do destino dos fondos solicitados (100.000,00 €) para a execución do investimento seguinte, para o cal se achega a memoria no expediente, sendo o importe restante da execución financiado con fondos propios do concello:

CONCEPTO	IMPORTE DO PROXECTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
Reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios	255.812,85 €	100.000,00 €	155.812,85 €

Dar traslado do presente decreto á Deputación Provincial de Lugo e aos servicios económicos do Concello.”

Por resolución presidencial, de data 29 de outubro de 2020, resolveuse prestar aprobación á proposta da Deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo na que literalmente se establece o seguinte:

“Primeiro: Aceptar a solicitude de modificación do destino dos fondos previstos nos Orzamentos Xerais da Deputación de Lugo para as actuacións consistente na “Promoción do Viño da Ribeira Sacra” e na “Recreación da Festa do Medievo”, no ano 2020, pola execución do investimento de “Reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios”, segundo o acordo da Xunta de goberno do Concello de Monforte de 14 de setembro de 2020, dada a situación creada pola Covid-19, que determina a terminación do procedemento iniciado coas solicitudes presentadas con data 11 de xuño de 2020 para a concesión das devanditas subvencións nominativas, por imposibilidade material de continuar o procedemento por causas sobrevidas.

Segundo: Tras a aprobación por resolución de Presidencia da terminación do procedemento referida no punto anterior, proceder a liberar os créditos orzamentarios e iniciar os trámites para levar a cabo a execución do investimento de “Reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios”, proxectada polo Concello de Monforte”.

Consideracións xurídico-administrativas

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán

concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP, no sucesivo), recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e

sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Respecto ao contido dos convenios, o artigo 49 da LRXSP, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

O capítulo VI da LRXSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, xa que no art. 3.1.k da LRXSP dispónse que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei 45/2017, do 13 de decembro, de desenvolvemento sustentable do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Monforte é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera: a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostenibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación (...) m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
Reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios	100.000,00 €	155.812,85 €
TOTAL	255.812,85 €	

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de

poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre sí dalguna das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta, correspóndelle á Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (publicado no BOP o 3 de setembro de 2020) e no establecido na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2020, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe de xeito individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

Conclusiones

Por todo o exposto, informase favorablemente a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte para sufragar gastos derivados da reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios, ano 2020, e cuxo borrador se adxunta ao presente informe.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o texto do “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte para a execución dos fins comúns consistentes na reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios, ano 2020, por importe de 255.812,85 €.

2º.- Aprobado o gasto de 100.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.762 do vixente orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o ano 2020, a favor do Concello de Monforte, para sufragar gastos derivados da reforma da cuberta do edificio multiusos e honorarios, ano 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada pola Excmá Deputación Provincial de Lugo á Confederación Empresarial da provincia de Lugo (CEL) para colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “CEL Reinicia-T 2020” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL) co obxecto de

colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “CEL Reinicia-T 2020”, na anualidade 2020, constan, entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe da Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente de concorrencia das razóns que habilitan á utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención.

Declaración xurada do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.1.c das recollidas, para a Área de Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, no Plan Estratéxico de Subvencións 2020 - 2022 (PES), e que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo”, aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020, recolléndose na mesma os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión da subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é o de fomentar o desenvolvemento e a competitividade empresarial durante o anos 2020, a través da Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL), colaborando economicamente co proxecto “CEL Reinicia-T 2020”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 63.000 €, a favor da entidade Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL), para sufragar os gastos derivados da actuación “CEL Reinicia-T 2020”, na anualidade 2020, subvención incluída na liña 4.1.c - Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, pertencente á Área funcional de Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020.

2º.- Aprobar o gasto polo importe de 63.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 4330.489.11 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2020, a favor da entidade Confederación Empresarial da Provincia de Lugo (CEL), para sufragar os gastos derivados da actuación “CEL Reinicia-T 2020” no ano 2020.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización*

conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Acondicionamento e renovación da estrada da estación”, no núcleo de Ribadeo.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área Medio Rural e do Mar, e Mocidade do seguinte teor:

"Asunto: Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Acondicionamento e renovación da estrada da estación”, no núcleo de Ribadeo; e do gasto, por importe de 280.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O Concello de Ribadeo solicitou, o 16 de setembro de 2020, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Acondicionamento e renovación da estrada da estación”, no núcleo de Ribadeo.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 9 de outubro de 2020, do seguinte tenor:

“Antecedentes

A Deputación Provincial de Lugo é unha entidade local de carácter territorial que: presta servizos directos aos cidadáns; coordina os servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada dos mesmos; presta asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos da provincia de Lugo; e presta, así mesmo, servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal.

Pero, ademais, ten a competencia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Don Fernando Suárez Barcia, en nome e representación do Concello de Ribadeo, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 16 de setembro de 2020 escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta coa Deputación Provincial de Lugo dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Acondicionamento e renovación da estrada da estación”.

Dito escrito acompáñase de:

Modelo normalizado de solicitude de convenio interadministrativo de cooperación, xunto cos seus anexos, isto é:

Anexo I.- Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación a formalizar mediante a sinatura dun convenio interadministrativo.

Anexo II.- Orzamento e financiación do convenio interadministrativo co que se formalizará a técnica de cooperación.

Anexo III.- Declaración doutras axudas/achegas convenio interadministrativo.

Declaración responsable na que se indica que a entidade solicitante: está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; non ten débedas en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo e coa Xunta de Galicia; e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de axudas públicas.

Achégase, ademais, memoria explicativa dos fins e obxectivos perseguidos co convenio suscitado, que, de xeito resumido, exprésase nestes termos:

As obras as que se refire o presente proxecto técnico atópanse situadas na rúa Segundo Moreno Barcia e na Estrada da Estación, no lugar de Os Garitos, no termo municipal de Ribadeo, provincia de Lugo.

A realización do presente Proxecto Técnico responde a un programa de necesidades proposto polo Excmo. Concello de Ribadeo, debido o mal estado en que se atopa o pavimento actual da calzada, debido as numerosas obras dos servizos urbanísticos, executados na mesma nos últimos anos, así como o tráfico existente na zona, provocou a existencia de numerosos parches na calzada, que provocaron a aparición de afundimentos na mesma, pero o problema máis grave con que se atopa esta calzada, é a anchura actual do mesmo, no que a maior parte do mesmo discorre cun ancho de cinco metros, o que provoca a perigosidade no paso enfrontado de dous vehículos, maxime cando esta Estrada comunica a zona comercial de Ribadeo coas parroquias do interior do municipio, ademáis de servir de alternativa para evitar o paso de vehículos de transporte polo centro de Ribadeo, entreñando con todo ilo, un grave risco para a seguridade dos usuarios da vía.

Nos últimos tempos, este transporte de mercadorías vese incrementado polo transporte de camións de gran tonelaxe con madeira procedente das grandes masas arbóreas que se distribuen polo interior no municipio de Ribadeo.

A estrada atopase dentro da zona urbana de Ribadeo, nunha zona donde predominan as vivendas unifamiliares e varias empresas de distribución (na parcela propiedade de ADIF), pero que é moi transitada debido a proximidade da Autovía A-8, posto que se trata dunha rúa que desconxestiona o centro urbano permitindo o paso de vehículos pesados procedentes do interior do municipio e comunicaos directamente coas saídas da Vila de Ribadeo.

Con dito tráfico, así como co paso dos anos durante os cales se fixeron obras de distintos servizos urbanísticos, provocou a aparición de numerosos baches e afundimentos na calzada, ademais, debida a anchura actual da estrada e a existencia nun dos laterais dunha importante taxea, provoca que se produzan accidentes no momento en que se cruzan vehículos pesados, por outra banda, aínda que se sitúa en solo urbano, non é recomendable transitar por ela peatonalmente posto que a anchura da mesma é en certos lugares de 5 metros, non sendo posible neses casos a convivencia entre peóns e vehículos.

Por outra banda, existe un tramo perigoso onde a Estrada da Estación se cruza a noventa grados coa rúa Segundo Moreno Barcia, pois existe un forte desnivel, que hai que salvar nun tramo en xiro, o que provoca que as rodadas dos vehículos pesados invadan zonas fora da estrada actual.

Neste mesmo cruce, existe un problema derivado da escorrentía das augas pluviais da zona, que van todas a parar a ese cruce, o que provoca que cando a tubaría existente de saneamento non soporta todo o caudal acumulado nas mesmas, provoca a saída pola rúa Segundo Moreno Barcia, e con elo a entrada de augas as vivendas que colindan con esa rúa.

A Estrada conta con servizo de alcantarillado, de abastecemento de auga e de instalación soterrada de liña de media tensión, pero carece de recollida de augas pluviais en condicións axeitadas, posto que actualmente discorre por unha cuneta existente ao aire libre.

O obxecto de actuación neste tramo consiste principalmente no ensanche e mellora da traza actual, axustándose na súa maior parte o trazado existente.

Un dos retos máis importantes desta proposta serían as de mellorar o cruce entre a rúa Segundo Moreno Barcia e a Estrada da Estación, realizando un cruce o mesmo nivel, e ampliando o mesmo de tal forma que se permitira un facil xiro sobre todo dos vehículos pesados.

O baixar a cota da rasante do cruce, tamén habería que rebaixar a cota actual nun tramo de 80 metros, aproximadamente dende a nave-almacén de marmoles e granitos “Eo” ata o citado cruce coa rúa Segundo Moreno Barcia, todo este tramo executariase nun ancho de 10 metros.

Este rebaixe da estrada actual, provocaría a substitución do saneamento existente na rúa, nese tramo de 80 metros, posto que o rebaixar a calzada reduciríase totalmente a altura mínima necesaria entre a estrada e a tubaría de saneamento.

O presuposto de execución material co que contan as obras contempladas no presente proxecto técnico, ascende a cantidade de douscentos corenta e nove mil oitocentos vinte euros con setenta e cinco céntimos (249.820,75 €).

Cos incrementos de IVE, gastos xerais e beneficio industrial, o presuposto de execución por contrata, ascende a cantidade de trescentos cincuenta e nove mil setecentos dezaseis euros con noventa e un céntimos (359.716,91 €).

Orzamento de execución material

1	Acondicionamento del terreno	54.740,42 €
2	Estruturas	14.523,98 €
3	Saneamiento	31.566,35 €
4	Abastecimiento de agua	2.989,56 €
5	Alumbrado público	38.582,13 €
6	Firmes y pavimentos urbanos	95.784,63 €
7	Equipamiento urbano	7.068,42 €
8	Varios	464,72 €
9	Control de calidad	630,36 €
10	Gestión de residuos	2.440,18 €
11	Seguridad y salud	1.030,00 €
Total orzamento de execución material		249.820,75 €
13 % de gastos xerais		32.476,70 €
6% de beneficio industrial		14.989,25 €
Suma		297.286,70 €
IVE (21%)		62.430,21 €
Presupuesto de ejecución por contrata		359.716,91 €

A estes antecedentes sonlles de aplicación as seguintes

Consideracións legais e técnicas

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor serva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en

asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

Na dita relación de cooperación a Deputación de Lugo efectuará unha achega de 280.000 € para sufragar parte dos gastos derivados da execución da actividade obxecto do convenio e o cumprimento dos seus fins, isto é, o acondicionamento e renovación da estrada da estación no núcleo rural de Ribadeo. Así mesmo, efectuará un anticipo do 50% da dita achega, con dispensa de garantía.

O Concello de Ribadeo comprométese, pola súa banda, á aportación, con fondos propios, dun 22,16 % sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 79.716,91 €.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción

pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a promoción do desenvolvemento do medio rural (medio de vida fundamental da Provincia) contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, especialmente en concellos rurais, como o de Ribadeo.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Para maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.

E é que non podemos esquecer que entre os servizos mínimos que tódolos Municipios deberán prestar, en virtude do disposto no artigo 26 da LRBRL, atópanse os da rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

Pola súa banda, o Municipio de Ribadeo, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestalos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos deste artigo.

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

(...).

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

Ademais, segundo establece o artigo 26 da mesma Lei, relativo á prestación dos servizos mínimos polos Municipios:

1. Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) En tódolos Municipios: alumado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

(...).

3. A asistencia das Deputacións ou entidades equivalentes aos Municipios, prevista no artigo 36, dirixírase preferentemente ao establecemento e axeitada prestación dos servizos mínimos.

Polo tanto, sendo competencias propias do Municipio de Ribadeo: o abastecemento de auga potable a domicilio, a evacuación de augas residuais, a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, o tráfico e a mobilidade; e sendo, ademais, servizos mínimos: o alumado público, o abastecemento domiciliario de auga potable, a rede de sumidoiros, o acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación das vías públicas, queda lexitimada a competencia do Municipio na execución do amentado proxecto.

Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

O Concello de Ribadeo solicita un anticipo do 80% da achega solicitada, con dispensa de garantía, unha vez asinado o convenio e cumpridos os requisitos que, a estes efectos, estean previstos no mesmo; xustificando a dita solicitude na precaria situación financeira da entidade, derivada, en gran parte, dos gastos imprevistos que o mesmo tivo que asumir para contribuír a paliar os efectos negativos que a pandemia do Covid-19 está a causar en tódolos ámbitos sociais e económicos do país.

O convenio obxecto deste informe ten natureza administrativa e instrumenta a cooperación entre Administracións Públicas que ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), polo que non lle é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, consonte ao

establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e demais normativa de concorrente aplicación.

Tratándose a figura do anticipo dunha entrega de fondos comprometidos coa sinatura do convenio, con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes a aquel, e tendo en conta o exposto no parágrafo anterior, podemos tomar como referencia o establecido no artigo 31.6.II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o cal:

Tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario, dita posibilidade e o réxime de garantías haberán de establecerse, no seu caso, expresamente nas bases reguladoras da subvención.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo e Inludes e a Base 24ª.8 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2020, que dispón:

Poderán realizarse anticipos a conta de subvencións con importe superior ou igual a 3.000 €, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias, debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

Con todo, e a pesar da falta de limitación, tanto legal como regulamentaria, no que á porcentaxe máxima dos anticipos se refire, é práctica habitual nesta Deputación a de que os anticipos realizados non superen o 50 % da achega solicitada.

Polo tanto, aprobar a concesión do anticipo na porcentaxe do 80 % iría contra o principios constitucionais de xustiza e igualdade, e, así mesmo, contra a práctica administrativa desta entidade, non procedendo, por todo elo, a súa concesión.

En consecuencia, está prevista, no borrador do convenio que se integra neste expediente, a posibilidade do pago anticipado, con dispensa de garantía, de ata un 50% da cantidade comprometida pola Deputación Provincial de Lugo, previo o cumprimento dos requisitos alí expostos.

No que se refire ao encaixe que o proxecto ten nas actuacións que a Deputación leva a cabo en materia de agricultura, gandería e pesca, compre ter en conta que o Municipio de Ribadeo ten un carácter eminentemente rural, onde incluso os núcleos que poden considerarse máis urbanos teñen unha clara composición e estrutura rural. De feito, o estudo sobre a distribución dos usos existentes no territorio de Ribadeo demostra que no Municipio predominan claramente os usos rústicos (agrícola, gandeiro e forestal), que superan o 91% do termo municipal.

E é que, agás na parroquia de Ribadeo (Sta. María), na que o sector produtivo dominante é o terciario, nas 11 restantes que integran o termo municipal o sector produtivo primario é a base da economía local, dando ocupación a un terzo da poboación activa que, coa mecanización e a modernización das labores agrícolas, logrou deixar de lado o sistema de autoconsumo para iniciar unha produción plural de explotación forestal e gandeira, de produción láctea e cárnica preferentemente.

Na actualidade, a actividade agrícola-gandeira permanece nas parroquias de Arante, Couxela, Vilausende, Cedofeita e Covelas, e a actividade forestal, aparte destas, esténdese tamén ás partes centro-meridionais das parroquias de A Devesa e Ove, todas elas interiores e con escasos accesos ás principais vías de comunicación.

Todas estas explotacións forestais, gandeiras e, en menor medida, agrícolas requiren dun elevado tránsito de vehículos pesados que permitan o seu abastecemento, así como a saída da súa produción.

Mais, como se dixo, permanecendo aquelas en zonas interiores do termo municipal, este tránsito de vehículos vese entorpecido porque a principal vía de comunicación cos municipios lindeiros ou co resto da Provincia, incluso con Asturias, é a estrada provincial LU-P-5207, que só

dispón de dous enlaces coas principais vías de comunicación (a N-634 e a autoestrada A-8), sendo un deles integramente urbano e, polo tanto, restrinxido á circulación de vehículos pesados.

O outro enlace das parroquias do interior coa estrada N-634 e coa autoestrada A-8 é a Estrada da Estación, no núcleo de Ribadeo; mais, debido ao mal estado no que se atopa o pavimento na mesma, esta presenta afundimentos, e a súa escasa anchura provoca riscos para a seguridade dos usuarios da vía no paso enfrontado de dous vehículos, especialmente dos camións de gran tonelaxe que transportan madeira e outras mercadorías procedentes e con destino ás antes citadas explotacións.

Todo elo leva a que os medios de transporte que prestan servizo a aquelas se vexan obrigados a dar un rodeo importante pola estrada provincial LU-P-5207 (tamén de escasa anchura) o que provoca perda de tempo e incremento de custos, derivando todo elo nunha perda de competitividade das explotacións forestais, gandeiras e agrícolas do Municipio. Por elo, o acondicionamento e a renovación da Estrada da Estación, no núcleo de Ribadeo, constitúe unha actuación de gran relevancia para a supervivencia daquelas e para a prosperidade da zona.

Neste senso, non podemos esquecer a importancia actual do medio rural na Provincia, xa que as novas tendencias observadas na localización da actividade económica e residencial confírenlle a este medio, e ao seu desenvolvemento, unha relevancia maior da concedida na nosa historia recente, tal e como se recoñece no preámbulo da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural (en adiante, LDSMR), que persegue a mellora da situación socioeconómica da poboación das zonas rurais e o acceso a uns servizos públicos suficientes e de calidade.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59 do RODPL:

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

(...).

b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno:

(...).

18. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

(...).

Pola súa banda, dispón a Base 24^a.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que o órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 280.000 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco daquel.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Acondicionamento e renovación da estrada da estación”, no núcleo de Ribadeo, por importe total de 359.716,91 €, dos que 280.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 79.716,91 € a cargo do Concello de Ribadeo.

O gasto, por importe de 280.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 28 de outubro de 2020, relativo á tramitación do amentado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 30 de outubro de 2020.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Acondicionamento e renovación da estrada da estación”, no núcleo de Ribadeo, por importe total de 359.716,91 €, dos que 280.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 79.716,91 € a cargo do Concello de Ribadeo.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 280.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Cualtis, SLU.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe de data 28/10/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Antecedentes

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detalla:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO		IMPORTE	CONCEPTO
			EXPTE GTM	NÚMERO REXISTRO FACT.		
CUALTIS SLU	7000 104201	25/06/2020	2020/FAC_01/000631	F/2019/4450	34,00€	Interconsultas especialistas a 1 traballador maio 2019

Xunto coa factura consta:

A propia factura, con dilixencia do Servizo de Prevención, de que os servizos foron prestados, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e conformada pola Deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo.

Declaración responsable asinada en data 19/05/2020 polo representante de “Cualtis, SLU.”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 28/02/2020 explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida pola Xefa do Servizo de Prevención.

Informe da Intervención Xeral de existencia de crédito de 13/08/2020.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 18/08/2020.

Informe da Intervención Xeral de 09/09/2020 sobre o Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais.

Informe do Servizo de Prevención de data 16/10/2020, describindo o motivo polo que se realizou a prestación do servizo de prevención (placa de tórax a un traballador, como proba complementaria do protocolo aplicable a traballadores de taller de carpintería de madeira).

Resolución da Presidencia de data 23/10/2020, levantando o reparo de Intervención a dita factura, e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 20/10/2020 sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con notas de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

Informe do servizo de contratación e fomento (de data 18/08/2020)

A entidade Cualtis, SLU, presentou no Rexistro de Facturas desta Deputación, as seguintes:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO		IMPORTE	CONCEPTO
			EXPTE GTM	NÚMERO REXISTRO FACT.		
CUALTIS SLU	7000 104201	25/06/2020	2020/FAC_01/000631	F/2019/4450	34,00€	Interconsultas especialistas a 1 traballador maio 2019

Esta factura foi remitida pola Intervención Xeral ao Servizo de Contratación e Fomento, e unha vez examinada, cómpre precisar o seguinte:

Consta acreditado no expediente a existencia do seguinte:

A factura relacionada no punto anterior, con dilixencia do Servizo de Prevención, de que os servizos foron prestados, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e conformada pola Deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo.

Declaración responsable asinada en data 19/05/2020 polo representante de “Cualtis, SLU.”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa do Servizo de Prevención de data 28/02/2020, para a factura sinalada, na que se xustifica o incumprimento do procedemento xurídico administrativo do seguinte xeito:

En relación coa factura que se adxunta co obxecto de proceder a súa tramitación en cumprimento do disposto nas bases de execución do orzamento, emítese a seguinte.

Memoria xustificativa

Unidade Administrativa : Servizo de Prevención

Provedor: Cualtis S. L. U.

Factura Nº: 7000104201

Corresponde cunha placa de tórax a un traballador, como proba complementaria do protocolo aplicable a traballadores de taller de carpintería de madeira respecto aos factores de risco adicionais aos que están expostos algún traballadores.

Importe da Prestación : 34, 00 €

Garantía que proceda : Non se require garantía

As unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e os prezos aplicados son correctos e axeitados ao mercado.

Segundo o Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, no seu artigo 37. 3 indícase que a vixilancia da saúde realizarase a intervalos periódicos, establecendo no seu apartado c, que a devandita vixilancia da saúde estará sometida a protocolos específicos ou outros medios existentes con respecto aos factores de risco aos que estea exposto o traballador.

O Ministerio de Sanidade e Consumo e as comunidades Autónomas, oídas as sociedades científicas competentes, e de acordo co establecido na Lei Xeral de Sanidade en materia de participación dos axentes sociais, establecerán a periodicidade e contidos específicos en cada caso.

Os exames de saúde incluirán, en todo caso, unha historia clínico-laboral, na que ademais dos datos de anamnese, exploración clínica e control biolóxico e estudos complementarios en función dos riscos inherentes ao traballo, farase constar unha descrición detallada do posto de traballo, do tempo de permanencia no mesmo, os riscos detectados na análise das condicións de traballo e as medidas de prevención adoptadas.

No punto 4. 2 do prego de prescricións técnicas xerais do contrato de SPA estas probas non se recollen, posto que son específicos para un grupo minoritario de traballadores e determináanse segundo criterio médico polo equipo que realiza a vixilancia da saúde tras coñecer os datos sobre a exposición aos riscos obtidos na avaliación de riscos, ao amparo do establecido no R. D. 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos Servizos de Prevención. Polo que de antemán poderíase establecer ao sumo unha partida a tanto alzado para estas probas, pero ata o momento de realizar cada recoñecemento non se sabe cales serían nin o número de probas a presupostar.

A placa de tórax ven indicada como estudo complementario derivado do protocolo de vixilancia sanitaria específica para os traballadores expostos ao po, derivado do establecido no R.

D. 374/2001, de 6 de abril, que regula a exposición dos traballadores ao conxunto dos riscos que poden ter a súa orixe nos axentes químicos nas súas diversas formas de presentación -entre elas o po- presente no seu lugar de traballo, incluíndo tanto aqueles factores de risco cuxos efectos se manifestan a longo prazo como os que o fan a curto prazo e o R. D. 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

Así mesmo, en informe de 4 de agosto de 2020, se di o seguinte:

En relación ao requirimento ao Servizo de Prevención para que emita informe do saldo dispoñible no contrato do SPA, para a validación da factura emitida pola empresa CUALTIS S.L.U. de data 25 de xuño de 2019 e con número 7000 104201 por importe de 34,00 euros.

Procede informar:

A factura correspóndese coa realización dunha placa de tórax a un traballador, como proba complementaria do protocolo aplicable a traballadores de taller de carpintería de madeira.

Segundo o Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, no seu artigo 37.3 indícase que a vixilancia da saúde estará sometida a protocolos específicos, con controis e estudos complementarios en función dos riscos inherentes ao traballo.

No punto 4.2 do prego de prescricións técnicas xerais do contrato do SPA estas probas non se recollen, posto que son específicas para un grupo minoritario de traballadores. Dita proba incluírase dentro do servizo vixilancia da saúde, apartado de recoñecemento médico prestado pola empresa Cualtis, e dado que durante o ano 2019 non se esgotou a totalidade de recoñecementos médicos previstos por ano (330), hai suficiente dispoñibilidade de saldo para imputar esta factura.

Dende o Servizo de Contabilidade e Contas, emitíuse informe de data 13/08/2020 onde manifesta que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 20/2210.22799. O: 92020/4620.

Analizados os arquivos existentes neste Servizo, existe contrato en vigor no momento de realización da prestación.

Polo carácter periódico e repetitivo das prestacións realizadas, non estamos ante un suposto de contrato menor, xa que ademais de tratarse dunha prestación periódica, en cómputo anual, excederíase o importe do contrato menor ao que fai referencia o artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Por todo o anteriormente exposto, remítese a factura relacionada, para continuar coa súa tramitación, co procedemento que corresponda.

“Informe de intervención (de data 09/09/2020)

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais.

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Cualtis, SLU que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	MES SUBMINISTRO	APLICACIÓN	ADO
7000 104201GTM 2020/FAC-01/000631	25/06/2020	34,00	Interconsultas especialistas a 1 traballador maio 2019	2210.22799	92020/4620
SUMA		34,00			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Servizo de Prevención e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe de 34,00 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxime

de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Informase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 9 de setembro de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2 c) do TRLRFL. (de data 16/10/2020)

Recibimos neste servizo requirimento por parte do Servizo de Intervención para a xustificación da factura 104201 de Cualtis S.L.U do ano 2019 referente a unha placa de tórax a un

traballador, como proba complementaria do protocolo aplicable a traballadores de taller de carpintería de madeira, por un importe de 34,00 euros.

Segundo o Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos Servizos de Prevención, no seu artigo 37.3 indícase que a vixilancia da saúde estará sometida a protocolos específicos, con controis e estudos complementarios en función dos riscos inherentes ao traballo.

No punto 4.2 do prego de prescripcíons técnicas xerais do contrato do SPA estas probas non se detallan aínda que están recollidas no obxecto do contrato, posto que son específicos para un grupo minoritario de traballadores e determínanse segundo criterio médico polo equipo que realiza a vixilancia da saúde tras coñecer os datos sobre a exposición aos riscos obtidos na avaliación de riscos, ao amparo do establecido no R.D. 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos Servizos de Prevención.

A placa de tórax ven indicada como estudo complementario derivado do protocolo de vixilancia sanitaria específica para os traballadores expostos ao po, derivado do establecido no R.D. 374/2001, de 6 de abril, que regula a exposición dos traballadores ao conxunto dos riscos que poden ter a súa orixe nos axentes químicos nas súas diversas formas de presentación -entre elas o po- presente no seu lugar de traballo, incluíndo tanto aqueles factores de risco cuxos efectos se manifestan a longo prazo como os que o fan a curto prazo e o R.D. 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

Consideracións

No citado informe deste Servizo de data 18/08/2020 expónse que analizados os arquivos existentes, existe contrato en vigor no momento de realización das prestacións obxecto da devandita factura (placa de tórax a un traballador, como proba complementaria do protocolo aplicable a traballadores de taller de carpintería de madeira).

No punto 4.2 do prego de prescricións técnicas xerais do contrato do SPA estas probas non se recollen, posto que son específicas para un grupo minoritario de traballadores.

De modo que dirimido o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó Servizo da unidade xestora, dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A factura obxecto deste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación da prestación executada propia dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura en virtude do principio de enriquecemento inxusto:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	MES SUBMINISTRO	APLICACIÓN	ADO
7000 104201GTM 2020/FAC-01/000631	25/06/2020	34,00	Interconsultas especialistas a 1 traballador maio 2019	2210.22799	92020/4620
SUMA		34,00			

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Servizo da unidade xestora.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos (Servizo de Prevención Alleo), recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO		IMPORTE	CONCEPTO
			EXPTE GTM	NÚMERO REXISTRO FACT.		
CUALTIS SLU	7000 104201	25/06/2020	2020/FAC_01/000631	F/2019/4450	34,00€	Interconsultas especialistas a 1 traballador maio 2019

2º.- Dar traslado deste acordo, ó Servizo da Unidade Xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Recambios Infra, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe de data 04/11/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO XERAL		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Recambios Infra, S.L.	2019-M-15511	31/08/2019	06/09/2019	19.359	Subministración ao Parque Móbil, no mes de agosto do 2019, de filtros para o mantemento dun camión. 2020/FAC_01/000522	42,23 €
Recambios Infra, S.L.	2019-M-15512	31/08/2019	06/09/2019	19.360	Subministración ao Parque Móbil, no mes de agosto do 2019, dunha lixa e dun compoñente para soldadura en frío para o taller. 2020/FAC_01/000523	21,84 €
TOTAL						64,07 €

As propias facturas con entrada no Rexistro Xeral e con dilixencia cada unha delas, do Parque Móbil, de data 18/09/2019, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e cos prezos, e conformadas pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 04/11/2020, polo representante de Recambios Infra, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 18/09/2019, para cada unha das facturas relacionadas, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas dende o Parque Móbil.

Os seguintes informes do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil:

Informe de data 11/05/2020, no que se dí:

“En relación á memoria xustificativa da factura nº 2019-M-15511, de data 31/08/2019, no seu último parágrafo, donde fai referencia ao ano 2019, debería constar: A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Informe de data 20/05/2020, no que se dí:

“En relación á memoria xustificativa da factura Nº 2019-M-15512 de data 31/08/2019, no seu último parágrafo, donde fai referencia ao ano 2019, debería constar: A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Informe de data 20/05/2020, no que se dí:

“En relación á factura 2019-M-15512 emitida pola entidade Recambios Infra, S.L., se informa que os subministros realizados ademais dunha lixa, o concepto “ptx nural21” corresponde a un compoñente para soldadura en frío.”

Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 15/10/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións por parte do órgano de contratación.

Informe de data 15/10/2020, emitido dende o Servizo de Contabilidade e Contas, para cada unha das facturas, nos que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio 2019 polo importe total das facturas, no saldo de vinculación das aplicación orzamentarias 19/9201.214 (para a factura N° 2019-M-15511), e 19/9201.22111 (para a factura 2019-M-15512).

Resolución da Presidencia de data 30/10/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 26/10/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas da empresa Recambios Infra, S.L. que seguidamente se relacionan:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
2019-M-15511 GTM 20/FAC01/522	31/08/2019	42,23	Subministración ao Parque Móbil, no mes de agosto do 2019, de filtros para o mantemento dun camión.	9201.214	92020/6559
2019-M-15512 GTM 20/FAC01/523	31/08/2019	21,84	Subministración ao Parque Móbil, no mes de agosto do 2019, dunha lixa e dun compoñente para soldadura en frío para o taller.	9201.22111	92020/6562
SUMA		64,07			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 64,07 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe

pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 18 de outubro de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDITORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-15511	31/08/19	42,23	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-15512	31/08/19	21,84	9201.22111
SUMA			64,07	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 18 de outubro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi agosto de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 64,07 euros (I.V.E. incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto proponse:

O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial de data 18 de outubro de 2020 e o aboamento das facturas 2019-M-15511 e 2019-M-15512.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Recambios Infra, S.L.	2019-M-15511	31/08/2019	Subministración ao Parque Móbil, no mes de agosto do 2019, de filtros para o mantemento dun camión.	42,23 €
Recambios Infra, S.L.	2019-M-15512	31/08/2019	Subministración ao Parque Móbil, no mes de agosto do 2019, dunha lixa e dun compoñente para soldadura en frío para o taller.	21,84 €
TOTAL				64,07 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Recambios Infra, S.L., por un importe total de 64,07 €:

Nº 2019-M-15511 de data 31/08/2019, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de agosto do 2019, de filtros para o mantemento dun camión, dun importe total de 42,23 €.

Nº 2019-M-15512 de data 31/08/2019, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de agosto do 2019, dunha lixa e dun compoñente para soldadura en frío para o taller, dun importe total de 21,84 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Ingaroil, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe de data 04/11/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Ingaroil, S.L.	2020/T-0653	19/03/2020	26/03/2020	2020/1035	Subministración ao Parque Móbil, no mes de marzo do 2020, de filtros e absorbentes para maquinaria. 2020/FAC_01/000071	64,90 €
TOTAL						64,90 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro de facturas.

Dilixencia do Parque Móbil, de data 19/06/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e cos prezos, na que consta a conformidade da Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 26/05/2020, polo representante de Ingaroil, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 15/06/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.

Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 14/10/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia, de data 29/10/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 26/10/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Ingaroil, S.L. que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
2020/T-0653 GTM 2020/FAC01/71	19/03/20	64,90	Subministración ao Parque Móbil, no mes de marzo do 2020, de filtros e absorbentes para maquinaria.	9201.22111	92020/3586
SUMA		64,90 €			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 64,90 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos

procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 18 de outubro do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDITORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
INGAROIL, S.L.	2020/T-0653	19/03/20	64,90	9201.22111
SUMA			64,90	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 18 de outubro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi marzo de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 64,90 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará á aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2020, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de

aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Ingaroil, S.L.	2020/T-0653	19/03/2020	Subministración ao Parque Móbil, no mes de marzo do 2020, de filtros e absorbentes para maquinaria.	64,90 €
TOTAL				64,90 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Ingaroil, S.L.:

Nº 2020/T-0653 de data 19/03/2020, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de marzo do 2020, de filtros e absorbentes para maquinaria, dun importe total de 64,90 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Primeiro.- *Rehabilitación azud-presa do Mazo de Santa Comba no río Chamoso.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"Visto o plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servicios Técnicos desta Excma. Deputación, o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.-Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra: Rehabilitación azud-presa de derivación e escala de peces, conxunto etnográfico e aproveitamento hidroeléctrico Mazo de Santa Comba, río Chamoso, Termo Municipal de Lugo.

Contratista: A. y T. Agrotecnia S.L.

2º.-Comunicar esta aprobación aos directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Acondicionamento Centro de Apicultura en Teixeira.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Visto o plan de Seguridade e Saude das obras que se indican, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saude nas obras de construción, e informe emitido pola Coordinadora de seguridade e saúde na fase de execución, o Deputado que suscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

Obra da que se aproba o plan de seguridade e saúde no traballo:

Obra: Obras de acondicionamento centro de apicultura. Teixeiro (Lugo).

Contratista: Construcciones Fernando Vassalo S.L.

Coordinadora de seguridade e saúde: Ana Mullor Díez."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/022, correspondente a Ana Vanessa Vila Páramo (O Incio), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,24 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.120,00 €, incluída no Programa de apoio ao

sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Ana Vanessa Vila Páramo, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de a Ana Vanessa Vila Páramo, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/022, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.120,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/050.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/050, correspondente á sociedade civil Vacas de Chandeiros, S.C. (O Incio), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 6,47 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 3.235,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Vacas de Chandeiros, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil Vacas de Chandeiros, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/050, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 3.235,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019

“RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/059.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/059, correspondente á sociedade civil Lebaste, S.C. (O Incio), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,21 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 605,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Lebaste, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil Lebaste, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/059, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 605,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/076.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/076, correspondente á sociedade civil A Carreira, S.C. (Xermade), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,73 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 865,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil A Carreira, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil A Carreira, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/076, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 865,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/080.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/080, correspondente á sociedade civil Ganadería Puluan, S.C. (Monforte de Lemos), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 8,10 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 4.050,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Ganadería Puluan, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 6,36 Has, o que supón un 78,52% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ganadería Puluan, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/080, destinada a “incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 3.180,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE ENTIDADES BENEFICIARIAS DA MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Considerando que con data 26 de xuño de 2020 aprobase en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “ Tu empleo social en el rural” e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30 de xuño de 2020 no BOP número 148.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos de cada unha das medidas agrúpanse do seguinte xeito:

“(…)

Fomento da empregabilidade

Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión

de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(...)

Fomento da cultura emprendedora

Recolle a Medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e a Medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural” aumentar o emprendemento das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación como vía de acceso ao mercado laboral a través de 4 bolsas (2 para cada medida) de axudas económicas para a alta da actividade económica segundo algunha das modalidades previstas e que se atopen situadas nalgún dos concellos relacionados no Anexo I. Dúas bolsas de axudas por cada medida, sendo a contía o 75% do SMI vixente durante 12 meses.

(...)”

Considerando que con data 18 de setembro e 9 de outubro de 2020 a Deputación de Lugo aprobou a primeira e segunda listaxe, respectivamente, de empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”. Dentro das listaxes de empresas beneficiarias atópanse:

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
2020/PCA_01/000007	LEBASTE S.C.	O INCIO	Ciclo Formativo en Marketing e Publicidade	5.700,00 €
2020/PCA_01/000024	PRIOR DE PANTÓN SL	PANTÓN	Adegueiro (Servizos En Adega)	5.700€
2020/PCA_01/000026	CASA MOREIRAS SL	PANTÓN	Adegueiro (Servizos En Adega)	5.700€

Considerando que con data 29 e 30 de outubro e 4 de novembro de 2020 as entidades Lebaste SC, Casa Moreiras S.L. e Prior de Pantón S.L., respectivamente, presentan escrito de renuncia a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo (achégase renunciación). Estas preséntanse antes de ter recibido cantidade algunha en concepto de subvención.

Considerando ó anteriormente exposto, de acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións así como coas Bases do Programa Prende ! Bota Raíces no Rural, propónse a esta Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aceptar a renuncia das seguintes empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural” dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural:

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
2020/PCA_01/000007	LEBASTE S.C.	O INCIO	Ciclo Formativo en Marketing e Publicidade	5.700,00 €
2020/PCA_01/000024	PRIOR DE PANTÓN SL	PANTÓN	Adegueiro (Servizos En Adega)	5.700€
2020/PCA_01/000026	CASA MOREIRAS SL	PANTÓN	Adegueiro (Servizos En Adega)	5.700€

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE DATA 4 DE SETEMBRO DE 2020, DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO A UNHA ENTIDADE DENTRO DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Á vista do recurso de reposición interposto pola entidade J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L., beneficiaria do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo, Ben Empregado IV con domicilio en Rubián da Cimas 2, O Incio, resultan os seguintes, feitos

Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo - Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con N° 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP N° 001 de data 2 de xaneiro de 2018. Na listaxe de entidade beneficiarias atopábase a empresa J&J Arias Construcciones Y Excavaciones S.L. con número de expediente A-17-30244 e unha cantidade de subvención aprobada de 11.000,00€ para a contratación dun traballador durante un ano.

Considerando que con data 2 de febreiro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases da fase II do programa publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018, a cal recolle o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios.

Considerando que con data 6 de abril de 2018 noméanse os membros da Comisión de Valoración do programa Ben empregado IV, para o proceso de selección.

Considerando que con data 15 de maio de 2018 publícase o Anexo II relativo a primeira resolución da asignación do traballador ás entidade beneficiarias. No anexo mencionado non se atopaba a entidade beneficiaria debido a que non tivo candidatos interesados que cumpriran os requisitos esixidos no momento da solicitude por parte da empresa. Neste suposto, no que a entidade beneficiaria queda sen candidatos na listaxe de reserva, atenderase ó establecido na Base 6 do Programa Ben empregado IV fase II:

“(…)

Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará a Axencia de Colocación ,coma mecanismo mais áxil para a localización dos mesmos

(…)”

Neste sentido, unha vez que a Axencia de Colocación selecciona un candidato apto para a entidade J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L., publícase con data 15 de novembro de

2018 o Anexo II coa asignación do traballador á empresa. Dende o momento da publicación do Anexo II, as empresas están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude, cousa que fai a entidade beneficiaria con data 22 de novembro de 2018 co candidato Don Alejandro Pujol Yañez.

Considerando que Base 8 da Fase II do Ben Empregado IV establece unha data máxima do período subvencionable, 31 de agosto de 2019, segundo a cal a entidade beneficiaria podería chegar a xustificar un máximo de 283 días de contrato. Por este motivo é preciso regularizar a cantidade total da subvención outorgada de 11.000,00€ calculados para 365 días, dando un total de 8.528,77€ de subvención para 283 días.

Considerando que en atención ó punto anterior, con data 4 de marzo de 2019, segundo ó establecido na Base 16 da Fase I do Programa Ben Empregado IV, a Deputación de Lugo realiza o pagamento do anticipo da subvención por valor de 6.823,01€.

Considerando que a partir da data de remate do período subvencionable, 31 de agosto de 2019, e de acordo a base 16 do programa Ben empregado IV fase I, a efectos de xustificación, a entidade ten un prazo máximo de dous meses para presentar ante a Deputación de Lugo a documentación da conta xustificativa, que comprende:

Memoria resumo das actividades desenvolvidas polo traballador con data e sinatura do representante.

Cadro resumo de retribucións do período subvencionado, (Anexo XIII)

Copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 (Recibo de liquidación de cotizacións) e TC2(relación nominal de traballadores), pagados, así como o informe de vida laboral da entidade do período subvencionado. No caso de dispor varias contas de cotización, debera incluír un informe de vida laboral para cada unha delas.

Copias compulsadas ou cotexadas de nóminas mensuais.

Copias compulsadas ou cotexadas do impreso da liquidación nominal do Modelo 111 do IRPF do período subvencionado pagados.

Declaración responsable de que a subvención outorgada empregouse na súa totalidade para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa. (Anexo XII).

Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, declaración responsable de relación detallada das subvencións/axudas obtidas de outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin ou se é o caso declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo fin. (Anexo IX).

Declaración responsable, cumprimento normativa minimis:(Anexo X).

Certificación de conta bancaria expedida pola entidade á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ESO4-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obrigaón, procederá o reintegro da cantidade percibida en non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

Considerando que con data 31 de outubro de 2019, derradeiro día para presentar documentación da conta xustificativa, a entidade beneficiaria non presenta ningunha documentación para a xustificación da subvención. Despois de repetidas comunicacións telefónicas, remítense dúas notificacións postais requiríndollela documentación da conta xustificativa, unha con data 22 de xaneiro de 2020 e outra con data 10 de marzo de 2020. Ambas notificacións son recibidas con data 27 de xaneiro e 12 de marzo respectivamente. A entidade beneficiaria non contesta a ningún dos requirimentos notificados.

Considerando que con data 24 de xullo de 2020 apróbase mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo o inicio procedemento de reintegro da subvención da entidade A-17-30244 J&J Arias Construcciones y Excavaciones dentro do programa Ben Empregado IV, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente. Así mesmo apróbase a apertura do trámite de audiencia, outorgándolle un prazo de 15 días dende a recepción da mesma para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Considerando que con data 5 de agosto de 2020 remítese á entidade beneficiaria, a través da Sede Electrónica da Deputación Provincial de Lugo, notificación do inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia. Considerando que segundo o establecido no artigo 41.5 e 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), unha vez transcorridos 10 días naturais dende a súa notificación sen acceder a mesma, esta enténdese rexeitada, dando por efectuado o trámite e o procedemento, feito que acontece con data 15 de agosto de 2020.

Considerando que con data 4 de setembro de 2020 apróbase, mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, a resolución do procedemento de reintegro da entidade A-17-30244 J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L. polo importe anticipado 6.823,01 €, de acordo ó establecido no artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, debido a un incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención, tal e como se indica nas bases 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV. A esta cantidade deberase sumar os xuros de demora xerados durante este tempo, 385,77 €.

Considerando que con data 15 de setembro de 2020 remítese á entidade beneficiaria, a través da Sede Electrónica da Deputación Provincial de Lugo, notificación da resolución do procedemento de reintegro. A entidade recibe a notificación con data 21 de setembro de 2020.

Considerando que con data 21 de outubro de 2020 a entidade beneficiaria presenta recursos potestativo de reposición no rexistro telemático da Deputación Provincial de Lugo. Xunto co recurso presenta documentación xustificativa da subvención.

Fundamentos de dereito

Fundamentos xurídicos procedimentais

Cualificación do escrito.

O artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC en diante) “Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta Lei”.

Así mesmo, o artigo 123.1 LPAC prevé que “Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo”

Tendo en conta que o Acordo de Xunta de Goberno pon fin a vía administrativa, procede considerar o escrito presentado pola entidade recorrente, J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L., como recurso potestativo de reposición.

Lexitimación da entidade recorrente.

O artigo 112 da LPAC establece que é necesaria a condición de interesado para estar lexitimado na interposición do recurso potestativo de reposición. A entidade recorrente ostenta dita condición xa que foi unha das entidades beneficiarias do programa do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo, Ben Empregado IV.

Admisión a trámite.

O recurso de reposición interposto por J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L. cumpre cos requisitos de forma establecidos no artigo 115 da LPAC e cos requisitos de prazo establecido nos artigo 124 da citada Lei, polo que procede a súa admisión a trámite.

Competencia e prazo para resolver

Atendendo ó establecido no artigo 123 da LPAC, os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase, debendo resolver e notificar no prazo dun mes dende a súa presentación, segundo o establecido no artigo 124.2.

Fundamentos xurídicos materiais

Sobre ó cumprimento das obrigas dunha entidade beneficiaria dentro do Programa Ben Empregado IV.

A entidade recorrente alega que “cumpriu coas obrigas de mantemento do traballador durante o tempo de duración do programa” e que, igualmente, “cumpriu as obrigas de pagamento das nóminas, cotizacións sociais e pagamento de retencións”, así mesmo indica que as “nóminas e xustificantes de pagamento foron enviados ós servizos no seu momento”.

En relación as alegacións expostas, cabe indicar que a entidade beneficiaria efectivamente mantivo ó traballador e pagou e remitiu as nóminas e xustificantes de pago tal como se indica na base 15 Dereitos e Obrigas das Entidades Beneficiarias do Programa Ben Empregado IV:

“(…)

Aceptar o traballador asignado pola Deputación e mantelo no seu cadro de persoal durante un período mínimo de 12 meses de duración.

(...)

Dentro dos 10 días primeiros de cada mes enviar, por correo electrónico area.emplo@deputacionlugo.org, a nómina e xustificante de pago do/a traballador/a correspondentes ao mes vencido. Soamente se admitirán como documentos xustificativos de pago aqueles que acrediten a súa realización por transferencia bancaria, e en ningún caso admitirase o pago en man ou en efectivo.

(...)”

En canto ás cotizacións sociais e as retencións tributarias é preciso aclarar que, ata a presentación do recurso de reposición co que se adxunta documentación xustificativa, non se ten constancia do pago e xustificación dos mesmos por parte do Órgano Instrutor. Neste sentido cabe indicar que se ben a documentación presentada correspondese con parte da documentación solicitada para a xustificación da conta xustificativa, esta non se debe ter en conta a tenor do exposto no artigo 118 da LPAC:

“(...)”

Non se terán en conta na resolución dos recursos, feitos, documentos ou alegacións do recorrente cando, podendo achegalos no trámite de alegacións, non o fixo. Tampouco poderá solicitarse a práctica de probas cando a súa falta de realización no procedemento en que se ditou a resolución impugnada sexa imputable ao interesado

(...)”

Neste sentido cabe indicar que con data 5 de agosto de 2020 notifícase en sede electrónica, de acordo cos artigos 14 e 41.1 da LPAC, o acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xullo de 2020, no que se aprobaba o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia, momento preciso para alegar. Unha vez transcorridos 10 días naturais dende a súa

notificación sen acceder a mesma enténdese rexeitada, segundo ó indicado nos artigos 41.5 e 43.2 da LPAC, feito que acontece con data 15 de agosto de 2020.

Por outro lado, cabe indicar que segundo o establecido na base 15 Dereitos e Obrigas das Entidades Beneficiarias do Programa Ben Empregado IV, entre outras, a entidade beneficiaria deberá “Entregar á Deputación de Lugo toda a documentación requirida nas presentes bases”, documentación que, segundo a Base 16 do Programa, deberá entregar no prazo de 2 meses dende a finalización do período subvencionable para aprobar a conta xustificativa.

Así mesmo, e tal e como se indica na mesma Base 15, as entidade beneficiarias quedarán suxeitas ao réxime de obrigas, responsabilidades e infraccións previstas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 do 17 de novembro da Lei Xeral de Subvención. Neste sentido tanto a lei autonómica como a lei estatal indican claramente, no artigo 28 e 30 das respectivas normas, que:

“(…)

O rendemento da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora, na que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. A forma da conta xustificativa e o seu prazo de rendemento virán determinados polas correspondentes bases reguladoras das subvencións públicas.

(…)

O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos neste capítulo ou a súa xustificación insuficiente levará aparelado o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 desta lei.

(…)”

Así mesmo, segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 33.1 c) Causas de reintegro:

“(…)

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

(…)”

Considerando ós antecedentes expostos, unha vez revisado o expediente da entidade J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L. propónse a esta Xunta de Goberno:

1º.- Desestimar integramente o recurso de reposición interposto pola entidade beneficiaria do Programa Ben Empregado IV, J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L., contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 4 de setembro de 2020 polo que se aprobaba a resolución do procedemento de reintegro sobre o total do importe anticipado da subvención concedida, de acordo co artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, debido ó incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención, tal e como se indica nas bases 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

2º.- Notifíquese a presente resolución ao interesado en legal forma, con indicación de que contra esta, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos xudiciais desta orde, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade con o establecido en o art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DO ALCALDE DO CONCELLO DE SAMOS EN RELACIÓN CON FONDOS CONCEDIDOS NO PLAN ÚNICO 2020 PARA “PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS”.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

"Á vista solicitude do Concello de Samos formulada polo seu alcalde no que solicita "... poder destinar o importe concedido a estos programas a actividades culturais, debido a que é máis doado garantir o cumprimento dos protocolos de seguridade" e debido "A dificultade de celebrar as actuacións solicitadas para os programas feiras, mercados e outros e o programa de actividades deportivas, debido a situación sanitaria actual".

Á vista do informe do servizo de Deporte do seguinte teor literal:

«Informe relativo a solicitude do alcalde do concello de samos de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “programa de celebración de actividades deportivas” á execución de actuacións que estarían recollidas no “programa de actividades culturais”, do plan único de cooperación cos concellos 2020.

Vista a solicitude de No expediente: 2020/PES_03/016995 de data 15/10/2020 polo alcalde do Concello de Samos no que solicita "... poder destinar o importe concedido a estos programas a actividades culturais, debido a que é máis doado garantir o cumprimento dos protocolos de seguridade" e debido "A dificultade de celebrar as actuacións solicitadas para os programas feiras, mercados e outros e o programa de actividades deportivas, debido a situación sanitaria actual", emítase o seguinte informe,

Antecedentes

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrado o 2 de abril de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, publicadas no BOP no 077, de data 3 de abril de 2020. A base 23a.- determina que: A xestión do Plan Único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:

(...)

e. Programa de actividades deportivas: Servizo de Deportes

Pola súa parte, a Base B.5.- Programa de actividades deportivas, reflicte que con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020. E que se atenderá ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

O alcalde do Concello de Samos presentou, en data 26 de xuño de 2020 solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020. No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Samos formulaba como actividades a desenvolver “Torneo fútbol sala e carreira popular”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de 4.000,00 €.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2020, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que se contempla unha achega de 4.000,00 € para a Programa de actividades deportivas: “torneo fútbol sala e carreira popular”.

O Alcalde do Concello de Samos solicita destinar o importe concedido (4.000,00 €) para a realización das actuacións recollidas no Programa de actividades deportivas: “torneo fútbol sala e carreira popular” á execución de actividades culturais, fundamentando o referido cambio na dificultades derivadas da situación sanitaria actual, e entendendo máis posible garantir o cumprimento dos protocolos de seguridade nas mencionadas actuacións culturais.

Ha de terse en conta que o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 contempla, na súa Base 17.2. resto programas, que os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación.

Cómpre lembrar que segundo o reflectido na Base 18.7 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 “a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2021, a conta xustificativa”.

E que así mesmo, as Bases do referido Plan prevén na súa Base 11.2 que “Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación”.

No relativo ao órgano de aprobación, cabería concluír que por analoxía e para supostos de solicitudes coma o que se propón por parte do Concello de Samos, debería entenderse a Xunta de Goberno como órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan Único.

Así mesmo, cómpre lembrar o previsto no o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu artigo 172 dispón expresamente que “os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas”.

En consecuencia, á vista do exposto e a xuízo de quen asina, procedería desestimar a solicitude formulada polo Concello de Samos para , por entender que non cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, dado que a

modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas, suporía no seu caso a realización de actividades que non serían da mesma tipoloxía (actividade deportiva) e entendendo por tanto, -e a salvo da valoración por parte do servizo de Intervención respecto desta cuestión-, que suporían unha modificación orzamentaria, por non se poderen aplicar ao mesmo programa de gasto que aquel no que se produciría a baixa.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en Dereito.»

Á vista do informe do servizo de Intervención

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Desestimar, en base ao establecido na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, a solicitude do alcalde do Concello de Samos de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “programa de celebración de actividades deportivas” á execución de actuacións que estarían recollidas no “programa de actividades culturais”, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, por concluír que suporían unha modificación orzamentaria, por non se poderen aplicar ao mesmo programa de gasto que aquel no que se produciría a baixa."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

"Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de mil douscentos vinte euros (1220 €) a Club Samos Futbol Sala para Torneo de Fútbol Sala Samos; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046, do sábado 23 de febreiro de 2019, emétese o seguinte,

Informe:

Que o Club Samos Futbol Sala presentou no Rexistro presencial da Deputación Provincial con data 14/04/20 19:41 e numero de expediente 2020/PES_03/005626 a conta xustificativa da subvención concedida para Torneo de Fútbol Sala Samos, por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019.

Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 15 de febreiro de 2019, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando a duración da actividade, e o nivel de logros acadados.

Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada, que conterà:

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.

Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e data de pagamento. No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo até o importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas (“estampilladas”) polo órgano xestor. Soamente terán que presentar os xustificantes de gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto do contido das facturas, as mesmas deberán recoller o establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores.

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude,

non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e da financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data”, asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado. Non obstante, se é o caso, terase en

conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Para esta ultima situación, deberase achegar e presentar unha declaración responsable, (segundo o modelo normalizado) que substituirá á presentación das certificacións previstas no artigo 22 do mencionado Real Decreto.

Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Se é o caso, declaración responsable do representante da entidade de que a entidade que representa está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Acreditación, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Área de Deportes da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Que revisada a documentación xustificativa, da subvención de referencia, e de acordo co previsto no punto 12 das bases da convocatoria o servizo de Deportes requiriu a Club Samos Fútbol Sala, para que no prazo de dez días a contar dende o seguinte a recepción da notificación presentase e/ou emendase a conta xustificativa presentada:

Documento 5 (relación clasificada de gastos). Na relación de gastos faltan as datas de pagamento.

Documento 2 (memoria). Na memoria deberá indicar en “documentos publicitarios da actividade” os soportes onde inseriu o logotipo da Area de Deportes ou da Deputación Provincial como compromiso adquirido.

Documento 3 (declaración doutras subvencións). Na declaración doutras subvencións aparecen axudas económicas de 900 € de “establecementos patrocinadores”, sen embargo non aparecen detallados cada un dos destes.

Facturas orixinais polo importe da subvención concedida. As facturas deberán ser achegadas na Área de Deportes, ou ben por correo postal.

Acreditación do pagamento das facturas: se foron pagadas a través do banco, copia da transferencia ou do abono. Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data, asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Consta no expediente acreditación do aviso de recibo de data 04 de xuño de 2020 asinado pola entidade beneficiaria.

Que no referido requirimento, advertíase que de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvención, no suposto de falta de xustificación producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Que transcorrido o prazo sinalado no mencionado requirimento, o beneficiario non presentou ante a Excma. Deputación Provincial de Lugo, a documentación requirida.

Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrência competitiva, ano 2019, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Que con data 24 de agosto de 2020 procedeuse a comunicarlle ao beneficiario, á vista do exposto do determinado nas bases da convocatoria, o inicio do procedemento previsto para a declaración de perda de dereito, co respectivo tramite de audiencia previo e por tanto a apertura do prazo previsto para alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considerase pertinentes, de acordo co sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Consta no expediente acreditación documental do aviso de recibo de data 26 de agosto de 2020 asinado pola entidade beneficiaria.

Que transcorrido o prazo sinalado na mencionada notificación, Club Samos Fútbol Sala achegou diversa documentación ante a Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Que achega documentación relativa á conta xustificativa na que formula declaración sobre a inclusión ou non da imaxe corporativa da Deputación de Lugo na publicidade que realizase do evento.

Que na citada declaración, a entidade beneficiaria indica expresamente que non se cumpriu a obriga prevista na letra k das obrigas indicadas nas bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrência competitiva, ano 2019, circunstancia, prevista así mesmo, de acordo á base 11 das referidas bases (punto 11 da xustificación).

En consecuencia, á vista da citada declaración, constataríase o incumprimento efectivo por parte do beneficiario da obriga prevista nas bases da convocatoria, e por tanto, procedería tramitar a declaración de perda de dereito da subvención concedida de acordo ao previsto no artigo 89. Perda do dereito ao cobramento da subvención do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións por concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Club Samos Fútbol Sala por importe de mil douscentos vinte euros (1220 €) para Torneo de Fútbol Sala Samos, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046, do sábado 23 de febreiro de 2019.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046 do sábado 23 de febreiro de 2019."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e seis minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.